

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Xogos

[Xogo] Cocho branco

Xogo de nenos. Os nenos póñense en curro, dentro do curro sitúase un neno e fóra outro cun mazuco feito de palla. O de fóra, o do mazuco dille ao que está dentro:

Sae ao campo, cocho branco!

O de dentro sae e o que está fóra síguelle a preguntar:

Onde van cen parellas de bois e de vacas que che entreguei hoxe?

Unhas cominas, outras bebinas e a meu amo fodino responde o outro.

Entón, o do mazuco corre tras del arredor do curro, dándolle, se pode, mazucadas. Despois de dar unha volta, o que vai diante intenta meterse dentro do curro aínda que os que están na roda tratan de impedirlo.

BIBLIOGRAFÍA

OTERO, Anibal, «Vocabulario de San Jorge de Piquín», Verba, Anuario gallego de Filoloxía, anexo 8, Universidade de Santiago de Compostela, 1977.